

INFORME COMPLEMENTARIO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN CONTINUADA DE AUGA MINERAL NATURAL ENVASADA PARA OS CENTROS FINCA MOURISCAD E ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO PERTENCENTES A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

En relación ao expediente núm. 2024040624 correspondente ao contrato aberto simplificado para a subministración continuada de auga mineral natural envasada para os centros Finca Mouriscade e Estación Fitopatolóxica Areeiro pertencentes á Deputación de Pontevedra, informo:

1. Modifícase o punto “1. Necesidade de idoneidade” da providencia de inicio de expediente de contratación como segue:

O Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo establece que “os lugares de traballo dispoñerán de auga potable en cantidade suficiente e facilmente accesible”, motivo polo cal no ano 2022 adxudícase o contrato da subministración de auga embotellada para a Deputación de Pontevedra na que se incluían dous lotes correspondentes un cas botellas de auga mineral natural de vidro para os actos/eventos levados a cabo no Pazo provincial e outro correspondente coas garrafas de auga mineral natural para os centros da Finca Mouriscade, Estación Fitopatolóxica Areeiro e a Escola de Cantería.

Tendo en conta que a Escola de Cantería xa non forma parte da Deputación de Pontevedra e que os centros Finca Mouriscade e Estación Fitopatolóxica Areeiro quedaron sen subministración das garrafas de auga mineral natural por mor do incumprimento do contrato por parte da empresa adxudicataria e, polo tanto, a non prorrogación do mesmo, é necesario a subministración de auga mineral natural envasada para cubrir as necesidades do persoal que presta servizo nos centros Finca Mouriscade e a Estación Fitopatolóxica Areeiro pertencentes á Deputación de Pontevedra.

A competencia na que se ampara a Deputación para esta contratación é a da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, artigo 36, apartado d) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 109, apartado d) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.



2. Modifícanse o punto “11. Criterios de adjudicación” da providencia de inicio de expediente de contratación como segue:

Onde di:

“Criterios automáticos

1. *Prezo, máximo 90 puntos*
2. *Aumento da frecuencia de hixienizado das fontes, respecto do mínimo establecido (2 veces ao longo do ano):*
 - *Hixienizado das fontes 3 veces ao longo do ano: 5 puntos*
 - *Hixienizado das fontes 4 veces ao longo do ano: 10 puntos”*

Debe dicir:

“Criterios automáticos

1. *Prezo, máximo 90 puntos*
2. *Aumento da frecuencia de hixienizado das fontes, respecto do mínimo establecido (2 veces ao longo do ano):*
 - *Hixienizado das fontes 3 veces ao longo do ano (por cuadrimestres): 5 puntos*
 - *Hixienizado das fontes 4 veces ao longo do ano (por trimestres): 10 puntos”*

Documento asinado dixitalmente

